

HENRIQUE ALVARELLOS PRESENTOU *DESCUBRIR LUGO* (Lugo, 5/5/06)



De esquerda a dereita: Alvarellos, Mascato, Eguibar e Ochoa, en Sargadelos.

O 5 de maio de 2006, a Galería Sargadelos de Lugo acolleu a presentación do novo libro de Henrique Alvarellos, *Descubrir Lugo* (Edicións do Cumio), unha guía práctica da súa cidade natal editada en tres idiomas, galego, español e inglés.

Participaron no acto, á parte de Alvarellos, o autor das fotografías, Eduardo Ochoa; o xerente do Xacobeo, Ignacio Eguibar, e o editor Antón Mascato.

Descubrir Lugo é unha proposta de fin de semana na cidade máis antiga de Galicia. Trátase, por unha banda, dunha guía "ao uso" con todo o imprescindible para non perderse nada de interese no lugar. Por outra parte, aporta aspectos pouco coñecidos da vella Lucus e os seus arredores.

O autor sinala que “Lugo é unha das cidades máis relevantes da península ibérica na conxunción de cinco grandes aspectos: monumental, arqueolóxico, histórico, natural e gastronómico. Sobre estes cinco eixes trázanse rutas, visitas, paradas, sobre todo paradas, porque Lugo é unha verdadeira ‘slow city’, un espazo cheo de sensacións feito para percorrer devagar”.

